

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dase publicade do literal do Decreto Nº 165/2024 de data 22.03.2024 no que se convoca a sesión Ordinaria do Concello na súa condición de membro de dito órgano.

«Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DÍA 27 DE MARZO DE 2024**

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000005

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria da Corporación o día 22.03.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **mércores día 27.03.2024 ás 12.00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/3 E X/2024/2

2. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/10

3. DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2025-2027)

4. DACIÓN DE CONTA DO DITADO DA ORDE DE DATA 07/03/2024, DA XUNTA DE GALICIA: EXPEDIENTE DE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM DE PONTEDEUME



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2023

6. ASUNTOS DE URXENCIA

7. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

8. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións don José Simoes Couceiro (delegación conferida por Decreto 133/2024 de 21 de marzo), do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

